

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2006.

Carmen Gallego Calvar  
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 20 de xuño de 2006, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao acordo da Comisión Paritaria de Acción Social sobre os criterios de repartición do fondo de acción social para o ano 2006 do persoal ao servizo da Administración de xustiza con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.*

De conformidade co acordado pola Comisión Paritaria de Acción Social, dependente da Mesa Sectorial de Negociación do persoal ao servizo da Administración de xustiza nesta comunidade autónoma, en reunión celebrada o día 7 de xuño de 2006 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais presentes na negociación, sobre os criterios de repartición do fondo de acción social para o ano 2006 do referido persoal, esta dirección xeral

#### ACORDA:

Primeiro.-Publicar a convocatoria de acción social de 2006 para os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza como anexo I desta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2006.

Julio Ignacio Iglesias Redondo  
Director xeral de Xustiza

#### ANEXO I

##### Convocatoria de acción social 2006

A Dirección Xeral de Xustiza, por proposta da Comisión Paritaria de Acción Social, aproba a convocatoria pública dos programas e contías que se expresan deseguido:

O orzamento total para a convocatoria de acción social para o ano 2006 é de 208.061,77 €.

Programa	Porcentaxe	Contía
I Axuda fillos e estudos fillos	67,00%	139.401,38 €
II Axuda estudos funcionarios	28,45%	59.193,58 €
III Axuda minusvalídeces e outras	4,55%	9.466,81 €

##### Condicións xerais

#### 1. Ámbito persoal.

a) Poderán solicitar as prestacións dos distintos programas os funcionarios titulares e interinos dos seguintes corpos ao servizo da Administración de xustiza:

Médicos forenses, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial.

b) O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por

coidado de fillos na Administración de xustiza e con destino nesta comunidade autónoma na data de inicio do prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos exixidos para cada programa.

c) Tamén poden solicitar as prestacións dos distintos programas os funcionarios interinos da Administración de xustiza sempre que prestasen servizos nalgún momento nesta comunidade autónoma no período comprendido entre o remate da acción social do ano pasado (31-7-2005) ata a finalización do prazo de presentación de instancias deste ano (15-8-2006).

d) As prestacións desta acción social son incompatibles coas que se poidan conceder por outras administracións.

#### 2. Baremo.

1. Terase en conta a contía dos salarios medios do persoal comprendido no punto anterior e que se especifica a continuación:

Médicos forenses: 30.006,84 €.

Xestión procesual e admtva.: 18.737,59 €.

Tramitación procesual e admtva.: 14.736,69 €.

Auxilio xudicial: 12.336,14 €.

Para o cálculo da axuda do programa I, deberase aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Coeficiente} = \frac{57.096,15 - \text{salario medio}}{12.020,24 + \text{salario medio}} - 0,2$$

2. Co obxecto de evitar as desproporcións que puidese provocar o feito de que as retribucións do petionario non foran referidas a todo o exercicio anual (2005), por tomar posesión do seu cargo ao longo do ano e non desde o principio, dando orixe a un salario reducido por este motivo e polo tanto cun maior coeficiente, o que se considera inadmisíbel, aplícaselles como salario para o cálculo da axuda as cantidades mínimas seguintes:

Médicos forenses: 19.337,74 €.

Xestión procesual e admtva.: 12.002,73 €.

Tramitación procesual e admtva.: 9.335,45 €.

Auxilio xudicial: 8.001,83 €.

#### 3. Convocatoria.

a) O prazo de presentación das solicitudes é o abranguido entre o día 1 de xullo e 15 de agosto, ambos os dous incluídos.

b) Serán nulas todas as instancias que non se presenten dentro do prazo da convocatoria.

c) O período que comprenden estas axudas será desde o remate da convocatoria anterior (1 de agosto de 2005) ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes desta.

#### 4. Solicitudes e documentación.

a) Os interesados deberán presentar unha solicitude por cada un dos programas que soliciten, conforme os modelos que se achegan, debidamente cubertas.

b) As solicitudes deberán dirixirse ao Servizo de Recursos Humanos da Administración de Xustiza da Dirección Xeral de Xustiza, en praza de Europa 5A-4º, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela, ou nos lugares previstos pola Lei 30/1992, do

26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) Os solicitantes deben xuntar á petición os documentos que se exixen en cada unha das axudas, xustificando os feitos que se aleguen mediante certificación ou copia cotexada.

d) Os documentos especiais exixidos, se é o caso, en cada programa constarán nas condicións específicas.

e) Carecerán de validez os documentos achegados con emendas ou riscos.

f) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida darán lugar á denegación da axuda solicitada ou perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indebidamente percibidas, con independencia das responsabilidades que houbera lugar. En calquera dos casos non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión de Acción Social atendendo a gravidade dos feitos cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

#### 5. Desestimacións e anulacións.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, documental ou formal, permitirán a consideración da solicitude e pasará á fase de baremo para fixar a contía da axuda.

Por contra, a falta dalgún dos anteditos requisitos ou dos documentos que se deberán achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

Os requisitos e condicións familiares e persoais, a non ser que se sinale outra cousa, entenderanse referidos ao día de finalización do prazo de presentación da solicitude.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados a Comisión de Acción Social poderá requirir a calquera solicitante para que presente as certificacións que considere oportunas á comisión.

As solicitudes sen resolver entenderase que non cumpren os requisitos da convocatoria.

A resolución notificarase mediante a publicación das relacións na forma establecida na base seguinte.

#### 6. Procedemento.

1. Recibidas as solicitudes, procederase ao seu estudo e cualificación pola Comisión de Acción Social que, unha vez ultimada a xestión, formulará proposta de concesión a favor dos que reúnan os requisitos desta resolución.

2. A Comisión de Acción Social publicará as listas provisionais e definitivas, na sede do Tribunal Superior de Xustiza, nos xulgados decanos e nas páxinas web:

[www.xudicial.xunta.es](http://www.xudicial.xunta.es)

[www.xunta.es/conselle/xi/dxxpersoal.htm](http://www.xunta.es/conselle/xi/dxxpersoal.htm)

A publicación das listas provisionais farase no prazo máximo de 3 meses a partir da data de finalización do prazo de presentación das instancias. Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 15 días naturais. Admítese

fax (números 981 54 62 22 ou 981 54 62 15) nos casos que non se teña que achegar documentos orixinais ou cotexados. Esgotado este, elevaranse aquelas a definitivas coas modificacións a que houbera lugar, e farase efectivo o importe da axuda solicitada.

#### 7. Disposicións derradeiras.

1. No programa II a contía non poderá superar en ningún caso a contía do gasto xustificado.

2. As porcentaxes das contías de cada programa son estimativas, podendo a Comisión de Acción Social modificar a súa repartición segundo as necesidades de cada un deles.

3. Publicarase no DOG a convocatoria e o anuncio do lugar de exposición das listas provisionais e definitivas.

#### Condicións específicas

##### Programa I

##### Axuda fillos e estudos fillos

#### Obxecto do programa.

A execución do programa abarca a repartición da contía existente entre todos os solicitantes, en proporción aos salarios medios dos distintos corpos.

#### Beneficiarios.

Os solicitantes deberán reunir os requisitos que se establecen no punto 1 das condicións xerais.

Cando nunha unidade familiar os dous membros sexan funcionarios da Administración de xustiza dos corpos citados, só poderá facer a solicitude un membro, e o coeficiente calculado segundo o punto 2 multiplicarase por 1.5 co que se obterá un novo resultado.

Deberán ter ao seu cargo fillos ou tutelados que non cumpriran 16 anos de idade o día do remate da presentación das solicitudes ou fillos ou tutelados maiores de 16 anos e menores de 25 anos que non perciban ingresos por rendas de traballo na data de finalización de presentación das solicitudes, que fixeran no curso 2005-2006 estudos en centros oficiais de ESO (2º ciclo de Educación Secundaria), BAC, FP1, FP2, estudos medios ou superiores en centros oficiais ou preparación das probas para acceso á selectividade.

No caso de solicitarse axuda para minusválidos por algún dos fillos, este non se terá en conta para os efectos desta axuda.

O coeficiente calculado segundo o punto 2 multiplicarase polo valor resultante do número de fillos comprendido neste programa e será o seguinte:

1 fillo: 1.

2 fillos: 1,5.

3 fillos: 2.

4 fillos: 2,5.

5 ou máis fillos: 3.

#### Documentación.

Ademais do establecido no punto 4 das condicións xerais, fai falta achegar:

a) Fotocopia do libro de familia cotexado, ou resolución de tutela ou de acollemento familiar.

b) Para os fillos maiores de 16 anos deberá presentar certificación do centro onde cursaron os estudos referidos anteriormente ou fotocopia cotexada da matrícula.

Contía da axuda.

A contía das axudas calcúlase do seguinte xeito:

a) Ao coeficiente calculado segundo a fórmula do punto 2 das condicións xerais multiplícase o valor asignado ao número de fillos do solicitante, conseguindo un resultado; para o caso de que os dous membros da unidade familiar sexan funcionarios da Administración de xustiza multiplícase este por 1.5, obtendo un novo resultado.

b) Dividirase a contía destinada a este programa entre a suma dos resultados de todas as solicitudes, o que nos dará un valor.

c) O valor multiplícase por cada un dos resultados e dará o importe da axuda.

#### Programa II Estudos funcionarios

Obxecto do programa.

A execución do programa consiste na repartición da contía existente entre todos os solicitantes aplicando unha porcentaxe de redución a todas as cantidades solicitadas, non podendo superar esta os 550 €, se fose así aplicarase como contía máxima esta.

Para o cálculo das axudas soamente se contabilizarán as materias das que se estea matriculado e se presentase aos exames.

Beneficiarios.

Os solicitantes desta prestación deberán reunir os requisitos establecidos no punto 1 das condicións xerais e ademais ter feito estudos nos centros oficiais de ensino, ou recoñecidos polo Ministerio de Educación e Cultura, durante o curso 2005-2006, acreditándose asistencia a eles, se é o caso.

Documentación.

Ademais dos documentos referidos no punto 4 das condicións xerais, é necesario achegar:

a) Fotocopia da matrícula e do documento de pago, que exprese o ingreso do importe da mesma ou certificación do centro onde se cursaron os estudos, na que así mesmo se faga constar o importe do curso e a cantidade efectivamente pagada polo petionario.

b) Certificación do centro onde se cursaron os estudos pola que se acredite a asistencia ao curso, ou fotocopia dos documentos que xustifiquen a presentación aos exames finais ou parciais liberatorios (certificado de estudos, diplomas, cualificacións finais, papeletas de exame, certificacións de asistencia, etc.).

d) Factura dos libros, expedida conforme a normativa vixente, na que consten os títulos, que habrán de corresponder coas materias ou curso do que se estea matriculado, aboándose soamente aqueles correspondentes ás materias ás que se presentase aos exames; ata un máximo de 160 €.

Contía da axuda.

A contía da axuda calcúlase do seguinte xeito:

a) Determinación de todas as cantidades xustificadas cun tope máximo de 550 € naqueles que o superasen.

b) A todas as cantidades xustificadas aplicaráselles a mesma porcentaxe de redución ata que a súa suma coincida ou se aproxime á contía total deste programa.

#### Programa III Axuda minusvalideces e outras

Obxecto do programa.

A execución do programa abarca a repartición da contía existente entre todos os solicitantes.

Beneficiarios.

Os solicitantes destas prestacións deberán reunir as condicións xerais establecidas no punto 1 e ademais:

So poderá facer a solicitude un membro da unidade familiar no caso de que ambos os dous sexan funcionarios da Administración de xustiza.

Esta axuda é incompatible coa axuda por fillos, para o fillo con minusvalidez ou celiaquia, intolerancia á lactosa e cron.

Axuda por minusvalidez:

Os solicitantes deberán ter ao seu cargo fillos, tutelados ou irmáns con minusvalidez física ou psicolóxica superior ao 33%.

Axuda por celiaquia, intolerancia á lactosa e cron:

Poderán ser os funcionarios solicitantes ou os fillos ao seu cargo ou tutelados que padezan estas enfermidades.

Documentación.

Ademais dos documentos que se expresan no punto 4 das condicións xerais, é necesario achegar:

Axuda por minusvalidez:

a) Certificación do organismo competente que acredite a minusvalidez do fillo, tutelado ou irmán do solicitante, así como o grao dela.

b) No caso de que a axuda fora para un fillo, o solicitante deberá presentar fotocopia do libro de familia.

c) Se a axuda fora para un tutelado ou irmán, o solicitante deberá acreditar a súa tutela.

Axuda por celiaquia, intolerancia á lactosa e cron:

a) Prescrición facultativa ou certificado médico da necesidade e duración do tratamento con indicación da persoa que o recibe.

b) No caso de que a axuda fora para un fillo, o solicitante deberá presentar fotocopia do libro de familia.

Contías das axudas.

Axuda por minusvalidez.

A contía das axudas calcúlase do seguinte xeito, tendo en conta o grao de minusvalidez:

33% ata 64%: 200 €.

65% ata 74%: 400 €.

75% en diante: 800 €.

Axuda por celiaquia, intolerancia a lactosa e cron:

Establécese unha contía fixa de 200 € por funcionario solicitante ou fillo/s ao seu cargo.

## ACCIÓN SOCIAL ANO 2006-FUNCIONARIOS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## PROGRAMA I: AXUDA FILLOS E ESTUDOS FILLOS

## 1.-DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME				DNI	
CORPO	DESTINO			SITUACIÓN	
POBOACIÓN	PROVINCIA	TLF. XULGADO	EST. CIVIL	DATA DE NOMEAMENTO (EN CASO DE INTERINO)	

## 2.- CÓNXUXE

NIF E DESTINO DO CÓNXUXE SE É FUNCIONARIO DA ADMÓN. DE XUSTIZA

## 3.-BAREMO

Nº DE FILLOS MENORES DE 25 ANOS polos que se solicita a axuda		
IDADE	NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO

## 3.- DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

(Punto 4 das condicións xerais e programa específico)

- Copia cotexada das follas do libro de familia onde consten os titulares e os fillos ou resolución de tutela ou acollemento familiar
- Certificación ou fotocopia cotexada da matrícula do centro onde cursaron estudos

4.- PRAZO DE ENTREGA DE SOLICITUDES DO 1 DE XULLO AO 15 DE AGOSTO  
TODAS AS FOTOCOPIAS QUE SE XUNTEN DEBERÁN ESTAR COTEXADAS

Declaro que son certos todos os datos facilitados nesta solicitude, así como a aceptación das bases da convocatoria

, de de 2006

## ACCIÓN SOCIAL ANO 2006-FUNCIONARIOS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## PROGRAMA II : AXUDA ESTUDOS FUNCIONARIOS

## 1.-DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME				DNI	
CORPO	DESTINO			SITUACIÓN	
POBOACIÓN	PROVINCIA	TLF. XULGADO	EST. CIVIL	DATA DE NOMEAMENTO EN CASO DE INTERINO	

## 2.-BAREMO

INDICAR O IMPORTE XUSTIFICADO:		
NOME DO CURSO OU CARREIRA:		
MATERIAS: Núm. :	Libros relacionados coa materia	Xustif. exames:

## 3.- DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

(Punto 4 das condicións xerais e programa específico)

- Fotocopia cotexada da matrícula onde conste o número de materias e do documento de pago dela ou certificación do centro onde se faga constar o importe do curso e a cantidade efectivamente pagada
- Certificado de estudos do centro onde cursaron estudos, papeletas de exame, diplomas, asistencias, etc.
- Factura orixinal ou cotexada dos libros, expedida conforme a normativa vixente.

4.- PRAZO DE ENTREGA DE SOLICITUDES DO 1 DE XULLO AO 15 DE AGOSTO  
TODAS AS FOTOCOPIAS QUE SE XUNTEN DEBERÁN ESTAR COTEXADAS

Declaro que son certos todos os datos facilitados nesta solicitude , así como a aceptación das bases da convocatoria

, de de 2006

## ACCIÓN SOCIAL ANO 2006-FUNCIONARIOS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## PROGRAMA III : AXUDA MINUSVALIDECES E OUTRAS

## 1.-DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME				DNI	
CORPO	DESTINO			SITUACIÓN	
POBOACIÓN	PROVINCIA	TLF. XULGADO	EST. CIVIL	DATA DE NOMEAMENTO EN CASO DE INTERINO	

## 2.-BAREMO

NOME E APELIDOS DO FILLO, TUTELADO OU IRMÁN POLO QUE SE SOLICITA A AXUDA :

## 3.- DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

(Punto 4 das condicións xerais e programa específico)

Certificación do organismo competente que acredite a minusvalidez do fillo, tutelado ou irmán do solicitante, e o grao dela.

Prescrición facultativa ou certificado médico da necesidade e duración do tratamento de celiaquia, intolerancia lactosa e cron, con indicación da persoa que o recibe.

Fotocopia cotexada do libro de familia, no caso de que o beneficiario sexa o fillo do solicitante.

Documentación acreditativa da tutela do irmán, se é o caso

4.- PRAZO DE ENTREGA DE SOLICITUDES DO 1 DE XULLO AO 15 DE AGOSTO  
TODAS AS FOTOCOPIAS QUE SE XUNTEN DEBERÁN ESTAR COTEXADAS

Declaro que son certos todos os datos facilitados nesta solicitude, así como a aceptación das bases da convocatoria

, de de 2006

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 16 de xuño de 2006 pola que se resolve a convocatoria de bolsas para o profesorado das universidades do sistema universitario de Galicia para o fomento da actualización e innovación docente e da converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior.*

Pola Orde do 24 de marzo de 2006 (DOG do 4 de abril) convocáronse bolsas para o profesorado das universidades do sistema universitario de Galicia para o fomento da actualización e innovación docente e da converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da convocatoria, e atendendo ao informe-proposta elevado pola comisión avaliadora, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, esta consellería

### RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles unha bolsa ao profesorado das universidades do sistema universitario de Galicia para o fomento da actualización e innovación docente e da converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior, que cumprindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria, se relacionan a continuación:

Num. exp.	Solicitante	DNI/CIF	Univ.	Centro e país de estadia	Duración da estadia	Total concedido (en euros)
2006/000006-0	Abeal Pereira, Cristina	32651596Z	USC	Universidad Nacional de Educación a Distancia-Madrid-España	1 mes	700
2006/000002-0	Diéguez Castrillón, María Isabel	32655493R	UVIGO	University Of Applied Sciences (Laurea)-Finlandia	1 mes	800
2006/000013-0	Filgueira Vizoso, Almudena	32669408R	UDC	Universidad de Oviedo-España	3 mes	1.240
2006/000007-0	Fraiz Brea, José Antonio	52470087A	UVIGO	Universidad Carlos III-Madrid-España	2 meses e 15 días	1.240
2006/000008-0	García Señorán, Mar	52472711M	UVIGO	Universidad Complutense-Madrid-España	2 meses e 15 días	1.150
2006/000001-0	González Crespán, María Araceli	36077227W	UVIGO	Butler University-Indianapolis-Estados Unidos de Norteamérica	1 mes	1.020
2006/000010-0	Herrero Pérez, Nieves	32621524A	USC	University of Gloucestershire-Reino Unido	1 mes	880
2006/000011-0	Pino Juste, Margarita	35554257Y	UVIGO	Universidade do Minho-Braga-Portugal	1 mes e 15 días	850
2006/000004-0	Radl Phillips, Rita	33275348Y	USC	Johann Wolfgang Goeth Universität-Frankfurt-Alemania	1 mes	910
2006/000003-0	Raposo Rivas, Manuela	33321942	UVIGO	Universidad de Málaga-Málaga-España	2 meses e 15 días	1.150
2006/000009-0	Ricoy Lorenzo, María Carmen	34939829T	UVIGO	Universidade do Minho -Braga-Portugal	1 mes e 15 días	800
2006/000014-0	Taboada Castro, Mª Teresa	35259974P	UDC	Colegio de Postgraduados-Montecillo-México	1 mes e 15 días	1.190
					Total	11.930 euros

Segundo.-En cumprimento do artigo 10 da orde de convocatoria, as solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas e publicaranse na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa indicación expresa dos motivos de denegación, de conformidade co artigo 54 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-No prazo de 10 días naturais desde o remate da actividade ou desde a publicación da resolución de concesión, no caso de terse celebrado a actividade antes da súa publicación, os beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa que se indica a continuación:

a) Memoria final das actividades realizadas.

b) Informe do director do centro de destino da estadia sobre as actividades realizadas, traducido nalgunha das linguas oficiais da comunidade autónoma, con indicación do tempo de permanencia no centro.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas, tanto das concedidas como das pendentes de resolución.

Cuarto.-As bolsas concedidas faranse efectivas mediante libramento único e directo aos beneficiarios tras a completa xustificación do cumprimento da estadia e condicións establecidas na orde de convocatoria.

Quinto.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria, suporá a perda do dereito a percibir a subvención concedida.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.